



PANGEIA

*Premio Suso Díaz XX Miteu Ourense /
Seleccionado na Bienal de Culturas Lusófonas
2015

Um espetáculo de:



limiar
teatro

XUNTR DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCAÇÃO
E COORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



centro
dramático
galego



APACEPE



As Grandes
Pequenas



maloposta

Com a colaboración de:



Consello de Galicia



PANGEIA é un espectáculo creado pola compañía galega **Limiar Teatro** coa brasileira **Acaso Danza**, o **Centro Dramático Galego**, a Asociación de Produtores de Artes Escénicas de Pernambuco **APACEPE**, o **Festival Janeiro de Grandes Espectáculos de Recife** e o Centro Cultural Malaposta de Odivelas AM-Lisboa.



PANGEIA é un punto de **encontro**. Un espectáculo onde conflúen por un instante e antes de continuar o seu camiño, **sete intérpretes (música, teatro e danza) de distintas nacionalidades**. **Un elenco que variará a cada xira** con artistas que entren e artistas que saian, nese ir e vir crecendo con encontros e despedidas como a deriva continental que deu lugar a Pangeia.

PANGEIA é unha proposta de creación que nace nun momento persoal de grandes cambios e na **reflexión sobre o noso momento histórico**: O cambio climático e unha nova gran crise económica e social que se traduce nunha división pronunciada de clases, en grandes éxodos e nunha paulatina redución de dereitos e liberdades que os gobernos compran a cambio de seguridade. A medieval cultura do medo.

PANGEIA é onde coincide o fin deste tres camiños: **O gran ciclo da Terra, o da sociedade e o más curto do ser humano**. PANGEIA é onde se produce o irreversible, doloroso e á vez pracenteiro cambio de ciclo... **PANGEA é parir e PANGEIA é dar a luz. É dor, é alegría.**

PANGEIA é o fin do noso ciclo persoal. **É o último berro a través do teatro, a comedia, a danza, a música, a cociña.. antes de volver nacer, a gozar e a tropezar na mesma pedra.**

PANGEIA é un encontro que, como a terra que pisamos, nunca será dúas veces igual.



O TEATRO, A DANZA, A MÚSICA, AS ARTES PLÁSTICAS, A COCIÑA, O LOCAL, O GLOBAL, A TRADICIÓN, O FUTURO...

Un traballo que parte da tradición para chegar ao contemporáneo, do local ao universal. Dicía Grotowsky que o teatro é o encontro... **Pangeia é separarse para volver a encontrarse.**



Un espectáculo onde **o son e a luz son creados e manipulados en escena polos actores, balaríns e músicos** creando unha luminotecnia e sonoplastia que interactuan cos textos e as coreografías. Un xogo no que o son se retroalimenta a través de distorsións, procesadores e disparadores electrónicos e a luz persigue as bailarinas con recortes, *aicraf* e *fresne*/de ata 8000W para falar da terra, do home e da humanidade.

Unha proposta na que **todos actuan, bailan, tocan, iluminan e sonorizan en escena.**

A Pangeia é a historia da terra, a historia da humanidade, a nosa propia historia. Pangeia é separarse para volver a encontrarse, noutro lugar, doutro xeito, noutro tempo como as placas tectónicas na deriva continental. No inicio ficaran xuntas e no fin xuntas van ficar. A Pangeia é crise, movemento, mudanza. É inicio. É fin.

É a suma de encontros e despedidas, de chegadas e partidas, de desgrazas e alegrías . De preguntas, de respuestas. Respostas que levan a novas preguntas, a vellas preguntas, ás preguntas de sempre. **Dicía o Sócrates que as respuestas, as ideas, os pensamentos xa están en nós e que só ha que parilas a base de preguntas. O problema é que parir doe.**



limiar

Limiar teatro somos uma compañía galega creada en 2009 con 7 espectáculos producidos e máis de **300 representacións en España, Francia, Portugal e Brasil** dende entón.

Limiar é o límite, a fronteira e por iso a compañía movémonos nas **fronteiras artísticas, xeográficas e persoais**.

Pesquisamos **no limiar das artes integrando diferentes disciplinas** como teatro, danza, música, teatro de obxectos, cociña ou artes plásticas.

Quebramos fronteiras xeográficas con **coproducións e xiras fora de Galicia** que nos levaron a estrear 6 das 7 producións fora do noso territorio e a integración nos equipos de **profesionais de España, Francia, Rusia, Brasil e Portugal**.

Afondamos na relación entre as persoas creado **proxectos comunitarios especiais creados en espazos singulares** en colaboración con Teatro del Hereje nos que interpretes profesionais comparten escenario con agrupacións locais poñendo en valor o patrimonio arquitectónico e inmaterial das localidades.







Grupo Acaso (Brasil)

O grupo Acaso existe desde 2009, foi fundado na cidade de Recife. Gañou o Premio Nacional Klauss Vianna 2012 da FUNARTE na categoría novos talentos co espectáculo “Para Josefina”.

Centro Dramático Galego (Galiza)

Unidade de producción teatral adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuir á normalización e regularización da actividade teatral galega.



Festival Janeiro de Grandes Espectáculos e APACEPE (Brasil)

O Janeiro de Grandes Espectáculos - Festival Internacional de Artes Escénicas de Pernambuco con 25 edicións é un dos maiores eventos das artes escénicas en terras pernambucanas e de Brasil con 5 cidades sede simultaneas e 100 compañías.

Incluído dentro do “NÚCLEO DE FESTIVAIS DE INTERNACIONAIS DE ARTES CÊNICAS DO BRASIL” como un dos oito festivais mais importantes de artes escénicas de Brasil.



O Centro Cultural Malaposta (Portugal)

O teatro da Malaposta é un espazo de creación e exhibición con diversas salas de traballo no antigo matadoiro de Odivelas no cinto metropolitano de Lisboa.







ESPAZOS DE REPRESENTACIÓN.

A nosa Pangeia está viva e ligado a terra por iso é un espectáculo adaptable a diferentes espazos tanto convencionais como non convencionais.

Dentro dos espazos convencionais o espectáculo adáptase dende salas de teatro alternativas usando a platea como escenario (Teatro da Malaposta) ou grandes auditórios xerando un **espazo total de representación rompendo as distancias entre palco e platea**.

Dentro dos espazos non convencionais **o patrimonio ten especiais posibilidades creativas** dada a experiencia do equipo en traballos que ligan artes escénicas e patrimonio con intervencións en elementos tanto de patrimonio nacional como patrimonio Unesco. **Igrejas, patios, corralas, claustros, patrimonio industrial etc** son espazos cos que un espectáculo vivo e aberto como Pangeia pode explorar novas posibilidades creativas e de relación co espazo e o espectador.

Cada espazo, coas súas especificidades, as súas historias, pasará formar parte do espectáculo integrando historia e arquitectura ao servizo de Pangeia.





CRÍTICAS.

A "Une danza, teatro e música nunha posta en escena extremadamente contemporánea. O talento dos atores engrandece a montaxe"([Crítica completa online](#))

Mateus Araujo

Diario de Noticias (Recife)

"Musical contemporáneo onde os haxa. Parodia crítica e hilarante(...) cunha factura exterior impecable, unha forza visual calmada e estimulante" ([Crítica completa online](#))

Roi Vidal

RGT Crítica

"Sen dúbida, un espectáculo moi recomendable para aqueles aos que lles guste ir ao teatro para desfrutalo á vez que algo vaia remexendo e nos faga pensar no que estamos vendo."([Crítica completa online](#))

Iria Esperón

Teatro entre Lusco e Fusco.



Os intercâmbios entre companhias pernambucanas com outros grupos de fora do Estado e do País têm possibilitado a criação de espetáculos de relevantes propostas cénicas, nos últimos anos. A mais recente montagem, primeira estrela do Janeiro de Grandes Espetáculos, é *Pangeia*, trabalho dos grupos Acaso e Límir (Galicia) que une dança, música e teatro numa encenação extremamente contemporânea. O espetáculo, que reflete um amadurecimento da companhia pernambucana, foi encenado sábado e ontem no Teatro Hermilo Borba Filho.

Pangeia foi o supercontinente que, há 200 milhões de anos, deu origem à atual divisão global – Europa, Ásia, África, América, Oceanía e Antártida. No espetáculo com dramaturgia de Barbara Aguiar e Fran Núñez, *Pangeia* se justifica pela universalidade que existe entre diferentes povos de culturas diferentes. É uma peça que fala das coisas em comum entre Portugal, Brasil e Espanha.

Este é o terceiro trabalho do Acaso, que estreou com *Para Josefina* (2012) e pelo universo infantjuvenil com *O tempo perguntou ao tempo* (2014), achando uma maneira de colocar a dança contemporânea e o popping em contraponto a outras estéticas e escolas de dança, como

o bale. É um pensamento que vez mais apanhado por outras companhias: a dança contemporânea entre várias culturas é uma experiência que pode ser uma experiência instigante e envolvente.

O encantamento sibilhou a encenação ainda mais dos atores Fran Núñez, Rodrigo Rodrigues, Elisa Gómez, despojados ao mesmo tempo provisoriamente, complementadas por Bárbara Aguiar, na Maia e Fran Núñez, incluindo que cresce que interpenetra o dello.

A história pinçando os contornos e muitos resultados, uma constelação de fragmentos que parecem até reduzidos ao espetáculo. A melhora sonora é executada por uma orquestra criada a partir de instrumentos sonoros.



XIRA.



- Estrea no CC.Malaposta de Odivelas - AM Lisboa 9 de outubro de 2014.
- Tempada no CC. Malaposta do 9 ao 26 de outubro.
- Festival Janeiro de Grandes Espectáculos de Recife con funcións en Recife (2), Goiania, Arco Verde e Caruarú en xaneiro de 2015.
- Salón Teatro de Santiago de Compostela do 15 ao 19 de abril de 2015.
- XX MITEU, Auditorio Municipal de Ourense o 23 de abril de 2015.
- Multiusos da Xunqueira de Redondela o 2 de maio de 2015.
- Bienal de Culturas Lusófonas de Lisboa 9 e 10 de maio de 2015.
- Auditorio Municipal de Vigo o 23 de outubro de 2015.
- Ágora de A Coruña o 24 de outubro de 2015.
- Sala Cuarta Pared de Madrid o 30 de Outubro de 2015.
- Auditorio Lois Tobío de Gondomar o 31 de outubro de 2015.





EQUIPO ARTÍSTICO

En escena: Coco Castro, Fran Núñez, Karol Nurza, Bruna Martíns, Manuel Polo, Hugo Rodríguez e Raquel Rúa



Dirección e dramaturxia: Barbara Aguiar e Fran Núñez



Textos e adaptación dramatúrxica: Fran Núñez



Dirección musical, xestual e asistente de dirección:
Jose Carlos Illanes



Composición musical: Jose Carlos Illanes



Dirección vocal: Nuria Gullón



Asistente de coreografía: Fernando Oliveira



Ambiente sonoro: Coco Castro

Espazo e iluminación: Coco Castro e Fran Núñez

E.S.P: Jose Manuel Núñez

Producción executiva: Bárbara Aguiar e Fran_Núñez



EQUIPO ARTÍSTICO

Fran Núñez

Director artístico e produtor executivo de Limiar (Galicia)

Fran Núñez é fundador de Limiar teatro. Nos espectáculos da compañía ten assumido diferentes roles como produtor, director, dramaturgo, escenógrafo, iluminador ou actor.

Licenciado en Arte Dramática pola ESAD Galicia e en Publicidade e RRPP pola Universidade de VIGO, Mestrado en Economía da Cultura e Xestión Cultural UVA (Valladolid) e Mestrado en Artes e Ciencias do Espectáculo UPV (Bilbao). Ao mesmo tempo participou de estancias formativas na República Checa, Austria, Croacia e Italia entre as que destaca o Interplay Europa 2014 de xoves dramaturgos. Traballou en diferentes postos en compañías públicas e privadas en España, Portugal, Italia e Francia entre as que destacan: Centro Dramático Galego, Teatro Español, Teatro de la Zarzuela, Teatro del Hereje, Centro Dramático Nacional, Orquesta Sinfónica de Galicia, a Real Filharmonía, Zancalino, Els Comediants, La fura dele Baus, Quinquilláns, Matarile, Los Goliardos ou The Ship of Fools.



Actor e técnico
en Pangeia.



EQUIPO ARTÍSTICO

Carol Gonçalves (Karol Nurza)

Actriz e responsable de producción en Brasil de Limiar (Brasil)

Graduada en Letras pela Universidade de Ribeirão Preto e membro da Cia Teatral Boccaccione como actriz, musicista e responsáble das adaptacóns, argumentos e revisóns dramatúrxicas. Estudou bateria, teoria musical e práctica em conjunto no Núcleo Lied de Música e cursou as modalidades de Ballet, Jazz e Sapateado. Ten representado en festivais de teatro en Brasil, Irlanda e España.



Actriz, músico e bailarina en Pangeia.

Hugo Rodríguez

Actor e coordinador musical en Limiar (Galiza)

Graduado medio CMU Vigo especializada na gaita galega. Como músico escénico multinstrumentista músico pode tocar a guitarra , baixo, batería , madera , vento metal , plegables... Traballou en varias producción para compañía como Tranghalla, Non sí, o Fondo Galego de Cooperación, Lambriaca Prod, Matreska e Oito milímetros da que é fundador e na que dirixe e actúa. En 2007 gaña o premio como intérprete no 4º Certame de Teatro Inmediato en Gondomar. Actualmente combina traballos no teatro co audiovisual na TVG.



Actor e músico en Pangeia.



EQUIPO ARTÍSTICO

Coco Castro

Actor e coordinador técnico de Limiar (Galicia)

Técnico Superior en Imaxe en Son pola Escola Audiovisual de Vigo ten traballado como técnico de luz, son e iluminador en España, Portugal, Polonia, Francia e Italia para compañías como Quinquilláns, Volta e Dalle, Mofa e Befa, Excéntricas, RTA, Cachuzo, Mónica García, David Loira, Fantoches Baj, Chévere e moitas outras. Ten participado en festival como a Fira de Tárrega, O Festival Internacional de Artes de Rúa de Lekeitio e o Festival de rúa de Burgos. Na actualidade estuda a especialidade de escenografía na ESAD de Galicia.




Actor e técnico
en Pangeia.

Raquel Rua

Bailarina e coreógrafa (Portugal)

Licenciada no curso de danza pola Escola Superior de Danza - Instituto Politécnico de Lisboa e formada en Técnicas de Danza Contemporánea pola Universidade Aberta . Ten traballado con numerosas compañías de danza e teatro entre as que destacan Companhía Plural - Núcleo de Dança Contemporânea, Teatro Reactor, na plataforma artística Menina-jarra da que é fundadora ou Circolando.

Na actualidade ven de estrear en Arcos de Valdevez un espectáculo de danza para a infancia creado con Sonia Cunha.



Bailarina e
coreógrafa en
Pangeia.



EQUIPO ARTÍSTICO

Manuel Polo

Actor e coordinador pedagóxico de Limiar (Galicia)

Titulado Superior en Arte Dramática pola ESAD de Galicia e Mestrado en Pedagogía Teatral pola Universidade de Vigo traballou para compañías como o Centro Dramático Galego, EscénaTe, Catro Cadeiras, Cabaret Titán, Heretic Theatre ou Teatro Nacional Títeres de Chile . En Audiovisual traballou en diferentes cortometraxes , en “Something visual ” ou na película “Ave y Nada” do director premiado no Festival de Cine de Sevilla, Cristóbal Arteaga e ten unha personaxe episódica na TVG na serie Pazo de Familia.



Actor e bailarín en Pangeia.

Bruna Martins

Bailarina e coreógrafa (Portugal)

Titulada polo Balleteatro Escola Profissional de Oporto como intérprete de danza contemporánea ten completado a súa formación com profesionais internacionais como Dawid Zakowski, Balázs Várnai, Karolina Dzielak, Janice Zadrożynski, Małgorzata Sus, Marta Ostajewska ou Yuga Hatta.

Na actualidade ven de producir en Rennes (Francia) o espectáculo "Si c'était ma rue" dentro do Festival Les Tombées de la Nuit.



Bailarina e coreógrafa en Pangeia.





CONTACTO

Producción:

Limiar teatro

limiarteatro@gmail.com

Fran Núñez

645444836

Distribución:



Carlos Martínez Carbonell
PROYECTOS CULTURALES
Y DIST. ESPECTÁCULOS
678 460 559
cmccarbonell@cremilo.es
www.cremilo.es



Alex Denick, Carrano